



**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA  
DO PLENO DO CONCELLO DE TUI (PONTEVEDRA)  
CELEBRADA O 28/06/2018**

**SESIÓN Nº7/2018**

**ASISTENTES**

**ALCALDE-PRESIDENTE**

Carlos Vázquez Padín

**CONCELLEIROS/AS**

**GRUPO MUNICIPAL PP**

Yovana Velázquez Torres

Antonio Castro Negro

Estrella Carmen Muradas Maceira

**GRUPO MUNICIPAL DO**

**PSdG-PSOE**

Enrique Cabaleiro González

Yolanda Rodríguez Rodríguez

José Ramón Magán Rivera

**GRUPO MUNICIPAL C21**

Eduardo Freiría Martínez

**GRUPO MUNICIPAL**

**CIUDADANOS TUDENSES**

Milagros González Monteiro

Andrés Urseira González

**GRUPOMUNICIPAL BNG**

María Carmen Núñez Méndez

José Martínez Tato

**GRUPO MUNICIPAL ALTERNATIVA**

**TUDENSE**

Na Casa do Concello, ás vinte horas e dezaseis minutos do día vinteoito de xuño de dous mil dezaioito, reúnense os/as concelleiros/as que están á marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente Carlos Vázquez Padín. Asiste a secretaria do concello, Pilar Fernández Alonso e interventora municipal Elisa Marqués Parrilla. O obxecto da reunión é realizar a sesión ordinaria previamente convocada para o día da data e que se celebra en primeira convocatoria Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

Miguel Ángel Capón Rey  
María José González Pérez  
**GRUPO MIXTO**  
Laureano Alonso Álvarez  
María Jesús da Silva Fernández

José Prada Álvarez, concelleiro non  
adscrito

## **ORDE DO DÍA**

### **A) PARTE RESOLUTIVA:**

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 6 DE 31 DE MAIO 2018.-**

En aplicación do disposto no artigo 91.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, o alcalde comeza preguntando aos concelleiros se teñen algunha observación que realizar á acta correspondente á sesión ordinaria número 6 de 31.05.2018.

Ao non haber observacións o alcalde somete a votación a aprobación do borrador da citada acta (sesión ordinaria número 6 de 31.05.2018), que se aproba por 17 votos a favor, que constitúen a unanimidade dos membros da Corporación.

#### **2º.- EXPEDIENTE 1044/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL DE APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 1/2018 C) BASES E PREMIOS CONCURSO IDEAS REORDENACIÓN FRENTE FLUVIAL.**

Pola secretaria se procede á lectura do dictame da Comisión informativa de Contas, Facenda e Patrimonio de data 21/06/2018, favorable á proposta de Alcaldía de data 18/05/2018, do teor:

".../... ASUNTO: CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 1/2018 C) BASES E PREMIOS CONCURSO IDEAS REORDENACIÓN FRENTE FLUVIAL (MODIFICACION DE CRÉDITOS 7/2018) FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.

Incoado o expediente de crédito extraordinario número 1/2018, financiado con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos relativos a un contrato de servizos e concurso de ideas para a "Reordenación do Frente Fluvial do Río Miño o seu paso pola cidade de Tui" nos importes de 6.050,00€ e 30.000,00€ respectivamente.

Visto o informe de Intervención EMP 7/18 esta Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL, e do artigo 35 do RD 500/1990, de 20 de Abril, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de crédito extraordinario **número 1/2018 C) Bases e Premios Concurso Ideas Reordenación Frente Fluvial**, financiado con Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, por importe de 36.050,00 € de acordo co seguinte detalle:

I.- GASTOS:

**Habilitación: Aplicacións orzamentarias do orzamento de gastos ás que se dota de crédito extraordinario.-**

APLICACION ORZAMENTARIA			CONCEPTO	IMPORTE
151	22706	95	Urbanismo - Redacción Bases Concurso Ideas Reordenación Frente Fluvial	6.050,00€
151	48900	95	Urbanismo - Premios Concurso Ideas Reordenación Frente Fluvial	30.000,00€
			TOTAL	36.050,00 €

**TOTAL HABILITACIÓN**..... 36.050,00 €

II- FINANCIACIÓN: Remanente de Tesourería para gastos xerais:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
870 00	Remanente de Tesourería para gastos xerais.	36.050,00 €
<b>TOTAL FINANCIACIÓN</b>		36.050,00 €

III) RESUMEN:

EXPRESIÓN	IMPORTE €
1.-Total crédito extraordinario .....	36.050,00 €
2.- Financiación:	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente líquido tesourería.....	
3.- Financiación igual a habilitación.....	36.050,00 €

**SEGUNDO:** Que este expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario 1/2018 C) Bases e Premios Concurso de Ideas Reordenación Frente Fluvial), que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación Municipal, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do RDL 2/2004 de 5 marzo polo que se aproba o TRLRHL e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril.

**TERCEIRO:** Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións."

Intervén o concelleiro do grupo mixto, Laureano Alonso Álvarez, que lembra que xa dixera en Comisión que coa traxedia que hai non lle parecía axeitado traer este concurso de ideas. Engade que pódese estar máis ou menos de acordo co fondo, pero que coa precariedade na que están moitos veciños, falar de que se van dar 36.050 € é pouco serio por parte do Goberno e do Alcalde. Segue o Sr. Alonso Álvarez dicindo que o Alcalde non ten xestión de ningunha clase feita, que hai un xerente que leva o de Paramos que está sen contrato, que a asistencia xurídica está sen contrato e que hai facturas non aboadas.

Intervén o Alcalde para pedirlle ao concelleiro que se ciña ao punto.

Continúa o sr. Alonso Álvarez dicindo que a situación da traxedia de Paramos é suficientemente grave para centrarse niso, que hai que ser sensible e ter certa humanidade para entender o que está a pasar. Engade que este proxecto faraónico non é oportuno neste momento, que habería que ter os pes no chan e tentar resolver de inmediato o que aconteceu o 23 de maio, que o goberno non resposta ás necesidades dos veciños e que a Xunta só deu 85.000 €. Remata a súa intervención indicando que na comisión votaron en contra e aquí votarán en contra.

A continuación intervén o Sr. Capón Rey, que sinala que na exposición de motivos di: “... e ante a *urxente e inaprazable necesidade* de realizar os gastos relativos a un contrato de servizos e concurso de ideas .../...”, pero que non se ve esta urxente e inaprazable necesidade, e que ademáis ten o informe desfavorable de intervención. Continúa indicando que son 3 premios de 15.000, 10.000 e 5.000 euros, e pregunta que pasa que nos quedamos con un e os outros van quedar aí como ideas ou como vai a ser. Comenta que as ribeiras do río sobre todo en tramo internacional son competencia do Servizo de Costas, e que que o Alcalde fora a estar con Costas non é suficiente. Engade que o Alcalde tamén di que o concello se compromete a realizar as modificacións do PXOU que fosen necesarias, pero que o concello propón pero quen dispón é a Xunta de Galicia e o informe de Costas. Continúa dicindo que van a votar en contra non polo fondo senon pola forma en que se está plantexando e facendo. Engade que no Xurado parece que no concello só está C21 e que se pon que o Concello vai a nombrar dous arquitectos, pero pregunta quen nombra o pleno ou o Alcalde. Remata a súa intervención indicando que isto é un despropósito e que polo menos nas formas votarán en contra.

A sra. Núñez Méndez reconece a importancia do río e pensa que o concurso de ideas e unha boa idea. Sen embargo alude a que é demoledor o informe previo de intervención e a que consideran que é un momento desaxeitado para iniciar este proxecto, e que tampouco o consideran urxente nin inaprazable. Engade que o que si consideran prioritario é o plan Concellos 2016, a instalación do palco da música de Diómedes, o mobiliario de oficina do concello, a demolición parcial de Camilo José Cela, as obras do plan concellos 2017, a intervención nas cubertas da cárcere vella .... Continúa dicindo que a intervención en Pexegueiro está perdida porque rematou o prazo de xustificación e sinala que as súas prioridades agora son outras e pensan que neste momento non procede embarcarnos neste proxecto.

Intervén o sr. Enrique Cabaleiro que sinala que comparte os sentimentos expresados e que lles parece unha frivolidade convocar un pleno con este único punto na orde do día, tendo en conta as prioridades que hai. Engade que as decisións que se tomen en Pleno poden afectar ao peto dos corporativos que nos pronunciamos nun ou noutro sentido e que isto de urxente e inaprazable non ten nada. Continúa indicando que o sr. Alcalde ten un regueiro de proxectos non executados e de subvencións perdidas e que non se solicitan, e que o goberno entrará en funcións en Marzo, que o plan concellos 2017 está sen sacar menos a caldeira de pellets e que se non se prorrogase por Deputación perderíase o diñeiro. Engade que ademáis hai proxectos vencellados a remanentes de tesourería que a 31 de decembro van a caducar, que o parque infantil da alameda segue sen precintar, e que o goberno anterior deixou o crédito para esta obra.

Comenta que a rotonda da EDAR de Guillarei, se empeza en setembro, vai supor que practicamente o 100% do tráfico rodado vai entrar por esa rotonda, e van a acabar nun viario que non cumpre co PXOM polo ancho e con carencia de beirarrúas, pero que ao Alcalde ordenar urbanisticamente esa zona non lle preocupa, e lle da prioridade a isto. Engade que a maiores no ámbito do río nada se fixo en canto a sendas e que o Alcalde perdeu a subvención da Marina-Metralla.

Continúa indicando que pensa que o Alcalde non é consciente da realidade na que se atopa, e que ten embolados difíciles de xestionar, e alude a que o Alcalde lle decía a él que pensara nas obras existentes e non nas obras novas e que así era como pensaban os países civilizados europeos.

A continuación intervén o sr. Prada Álvarez que manifesta que non interviu antes porque non estivo na comisión e quería escoitar. Comenta que a idea gústalle pero que se suma ao que dixeron os compañeiros da corporación, xa que pensa que non é unha necesidade imperiosa para facelo agora. Engade que o municipio ten que seguir adiante, pero que non é unha cuestión que haxe que facer de xeito inmediato, e que hai que adicarse á atención de Paramos, que pensa que non ten sentido levar isto agora. Engade que hai outros proxectos a levar a remanente que se poderían levar nun paquete.

Toma a palabra o sr. Alcalde e comenta que algún di que o problema vai levar moito tempo en resolverse, e pregunta se entón se hai que centrarse niso hai que desatender o resto de cuestión, indicando que ao mellor o que hai detrás é un espírito obstruccionista. Engade que non están dacordo e que hai que compatibilizar a xestión da traxedia de Paramos con outras cuestións. Sinala que isto sería un primeiro paso e que toda a xestión sería externalizada, polo que non sobrecargaría a unha administración que está moi sobrecargada e que as veces hai dificultades para sacar as cousas.

Comenta que isto é unha cuestión que vai da man dunha institución moi prestixiosa como é o Colexio de Arquitectos de Galicia, e que algún di que non é o momento, pero este asunto xa se debatiu antes da explosión de Paramos e tampouco lles parecía o momento. Alude a que o que pasa é que non lles gusta que o goberno teña ideas de futuro para Tui, e pregunta por que Tui non pode aspirar a que un arquitecto de prestixio, como Eduardo Souto Moura en Valença, nos de ideas de como reordenar o fronte fluvial. Continúa indicando que aquí ten moito que dicir Costas, Rede Natura e Medio Ambiente, e que isto está contemplado na proposta de condicións para realizar un convenio de colaboración. Comenta que sí se falou con Costas, e que dixeron que facilitarían a cartografía e que non había problema.

Engade que o Sr. Cabaleiro convocou plenos co mesmo pouco contido pero sen ter a traxedia de Paramos, e que él nunca lle reprochara nada, que esa é a diferenza da forma de facer oposición.

En canto ao plan Concellos indica que teñen retraso, pero non maior do que tiñan vostedes, que se perdeu a subvención do ano 2015 de sinalización no rural porque en outubro non estaban os informes sectoriais.

Engade que non teñen executado todo o 2016, que é o que máis urxe, e que se a Deputación é capaz de executar só o 50% do seu orzamento é porque este sistema non funciona. O razoable sería dar un millón de euros ou o que sexa e que o gastase cada concello no que quixera, e non esta forma de tutela da Deputación.

Continúa o Alcalde felicitando aos veciños de Paramos porque rexeitan eles mesmos a idea da Deputación de que se gaste o plan concellos de tres anos en Paramos, sen investir nada no resto de Tui, a alude a que PSOE se suma a esa proposta da Deputación.

Continúa o sr. Alcalde indicando que non sebe por qué a oposición votou en contra dos orzamentos que incluían unha partida para avanzar nos PERIS de San Bartolomé, e pregunta se o noso goberno é tan ineficiente se entón vostedes transformaron en 27 meses radicalmente Tui, aludindo a que esa non é a percepción que hai.

Respecto da alusión á Senda Marina-Metralla, comenta que a oposición sabe que nas sendas fluviais hai un paso previo, que unha vez postos os terreos a disposición non é moi difícil obter financiación, pero que o problema é a posta a disposición dos terreos, e que lle parece difícil avanzar vía cesión, porque con que dous ou tres se neguen xa temos o problema. Engade que pensa que nalgúns tramos só será viable a expropiación.

Remata indicando que a oposición é maioritaria e que está na súa man tumbar o concurso de ideas ou non, pero que lle da a impresión de que a poboación non vai valorar positivamente actitudes obstruccionistas, e que os veciños saben que o concello está dando todo o que pode por axudalos, e que pensa que en Paramos o comparte todo o mundo. Alude a que o sábado volverá a comparecer en asemblea para explicar os pasos e escoitar as observacións ou críticas que se queiran facer.

Intervén o sr. Alonso Álvarez dicindo que a oposición non é obstruccionista, que a oposición ten os seus criterios e que vostede está en minoría porque vostede quixo. Vostede coa súa forma de xestionar atópase na situación na que se atopa, pero non nos vote a culpa a nós, se o goberno non xestiona a culpa e súa. Engade que se isto non se aproba é porque vostede perdeu a maioría, e que moitas das cousas que fai este goberno se deben as propostas da oposición, que se quere comeza a

numeralas, entre elas a axuda dun millón de euros, que foi a oposición quen plantexou que se puxera un millón de euros para emerxencia, así como 300.000 euros para o desamiantado ou como contratar a persoal externo para asesoramento.

Continúa indicando que o traballo que fan os funcionarios é respetable e necesario, e que os informes sectoriais son necesarios. Alude a que vostede chegou e atopouse con proxectos en marcha, que só era continuar, e vostede non fixo nada, só a caldeira. Comenta que da rúa Ourense nada fixo, non ten capacidade para facelo, non fixo nada, e di que o Alcalde trae ir ao remanente de tesourería sen consultar con ninguén. Alude a que o Alcalde fala de que antes da explosión o trouxo e quedou enriba da mesa, e comenta que evidentemente eles teñen a mesma opinión antes que agora, que agora están os mesmos problemas pero se engade a situación de Paramos e que pensa que non é o momento disto. Pregunta se sabe como se daban antes as subvencións na Deputación, a dedo, e pide ao Alcalde que resolva a situación de Paramos que é o que lle compete agora.

Intervén o Sr. Capón Rey para dicirlle ao Sr. Alcalde que empregou o plural de que perdemos o goberno, e non, vostedes tomaron o goberno, legalmente. Engade que vostede leva 6 anos no concello e ten a obriga de saber o que pasa no concello, e que se houbera feito un mínimo de oposición o coñecemento tiña vostede a obriga de telo, agora o que se atopa é a responsabilidade.

Reitera que a proposta di “urxente e inaprazable necesidade”, e que non sabe donde está.

Alude a que o fondo non é malo pera as formas son horribles. Engade o Concelleiro Sr. Capón Rey que esta oposición non é unha oposición, son catro grupos políticos diferentes e un concelleiro non adscrito, e pide ao Alcalde que se refira as manifestacións que fai cada un e non meta a todos no mesmo saco. Comenta que a oposición en Paramos actuou con delicadeza, cun cariño e un saber estar que vostede non se merecía.

Sinala que vai a propoñer que quede sobre a mesa para que se reformule todo isto, e que se non votarán en contra por todas as razóns aludidas, e comenta que aquí nótase que non se contou cos funcionarios municipais.

Remata o Sr. Capón Rey indicando que estes proxectos débense plantexar dentro de concellos ribereños do río que teñen a posibilidade de acceder a fondos europeos, e que a eurocidade é algo máis que unha entelequia para facer probas deportivas, que están moi ben.

Toma a palabra o sr. Alcalde e pregunta qué propón que se faga se queda sobre a mesa.

Retoma a palabra o Sr. Capón Rey e di que se enmarque en AECT e que se corrixan as ilegalidades e se consulte aos técnicos municipais, Interventora, Secretaria e aos Técnicos municipais de urbanismo.

A continuación a Sra. Núñez Méndez comenta que eles plantexaran deixalo sobre a mesa e que por iso tiveron a reunión co Colexio de Arquitectos que foi moi interesante. Engade que vai acarrexar traballo para o Concello a curto e longo prazo, e que eles concordan coa idea de adicar o plan Concellos a Paramos, sobretudo tendo en conta que moitas subvencións se van a perder.

Intervén agora o sr. Cabaleiro González dicindo que pensa que é unha falta de respecto e de mala educación facer públicas as conversas privadas, e que no futuro non as terá. Engade que este concurso de ideas por moito externo que sexa, sabe que esta é unha administración pública e os técnicos municipais teñen que facer os informes correspondentes. Pregunta por qué non meteu isto no proxecto de orzamentos, e alude a que o Alcalde está facendo unha utilización do remanente de tesourería fraudulento, que está usando o remanente para gasto corrente.

Engade que él está en contra das Deputacións, pero que non compare o funcionamento desta Deputación coa de Louzán, e que agora se destina o mesmo diñeiro a todos os concellos, sexan ou non da mesma cor política, e as baixas en adxudicacións revirten nos concellos.

Continúa o Sr. Cabaleiro indicando que ao chegar eles ao Concello non compare a situación, que eles estaban sen secretaria, non había técnico de xestión, o arquitecto estaba de baixa, e cando eles chegaron enriba da mesa non había nada, nin un só proxecto. Engade que os expedientes repositórios que había eran vintetrés e que a vostede quedáronlle 3. Continúa indicando que non é

que non executaran o plan concellos 2015, e que tiveron que executar o plan concellos 2014, tiveron que executar o 2015 e proxectar o 2016 e executalo en parte.

Respecto de Paramos comenta que cree que é unha falta de responsabilidade confrontar administración, e alude a que o Alcalde por Paramos non fixo nada, nin unha idea tivo, que tivo que ser nunha Xunta de Portavoces un luns, que a oposición lle propuxo propostas e vostede vendeu á prensa pola tarde cando quedaramos en concretalo ao día seguinte. Engade que eles lle puxeron propostas e ideas enriba da mesa.

Continúa o concelleiro aludindo a que fala de que hai un xerente urbanístico, cando non ten crédito, e que avalaron decisións disparatadas que como alguén se poña serio a ver que fai. Comenta que o Alcalde na traxedia de Paramos é un recadeiro do PP, que quen a está xestionando é Moisés Rodríguez e que vostede é un mero estómago agradecido, e que esa é a realidade, vostede por Paramos non fixo nada, porque estamos amparando situacións de absoluta ilegalidade e veremos as consecuencias.

Intervén o concelleiro D. José Prada Álvarez e di que está sentindo vergoña do punto que era e ao que chegamos. Engade que se adhira a que quede sobre a mesa e se busque a legalidade, e que se traia en bloque con outros proxectos para o remanente de tesourería.

A continuación intervén o Sr. Alcalde e sinala que é desleal dicir quen tivo unha idea ou outra.

Intervén a sra. Yolanda Rodríguez para preguntar se na prensa non é desleal.

O sr. Alcalde di que lle fai unha primeira advertencia de que non faga comentarios se non ten a palabra.

O sr. Alcalde faille unha segunda advertencia de que non ten a palabra e indícalle á Sra. Rodríguez que á terceira expulsaraa do pleno.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde indicando que a idea de un millón de euros foi da oposición e despois recibiu unha bronca por dicir esa cantidade. Comenta que lles preocupa que a xestión sexa medianamente boa, e que a actitude do goberno é de consensuar con vostedes e que se escoitan as ideas que transmiten outras persoas, e algunhas ideas foron súas, pero que o importante é que as ideas boas se poñan en marcha e se executen.

Comenta que ao goberno anterior levoulles máis de dous anos chegar á etapa de expropiación da rúa Ourense, e que na Xunta de goberno do luns pasado xa foi aprobada a licitación e espera que a rúa se poida abrir nun prazo inferior a un ano.

Engade que están a falar de moito máis que dun paseo fluvial, e alude á posibilidade de dotación de aparcamentos, de mellorar a capilaridade para baixar ao río dende a cidade, e todo isto se pode traballar e contemplar no concurso.

Comenta que todos envexan os paseos fluviaes de Portugal, que posiblemente son viables porque non hai tanta sectorial, e alude a que parece que vostedes se agarran á intervención burocráticas como algo positivo. Comenta que tiveron unha reunión co Colexio e con Costas, e que en Costas dixeron que o proxecto final se tiña que someter a súa autorización. Engade que hai que pasar eses filtros, pero que parece que vostedes se alegran de que haxa que pasar eses filtros.

Engade que o comentario que fixo non é privado porque o teñen dito diante de moita xente, e que criticar por ter un só asunto na orde do día iso é o que está mal, e pide que non o afee e o chame miserable por iso. Pregunta se sabe por qué non meteu no orzamento o concurso fluvial, e comenta que porque meteu o que a oposición lle pedía.

A sra. Yolanda Rodríguez di que iso non estaba antes.

O Sr. Alcalde diríxese á Sra. Rodríguez e dille que non o obrigue a expulsala.

A continuación o Sr. Cabaleiro di que no primeiro proxecto de orzamento xa non viña.

O sr. Alcalde diríxese de novo á sra. Rodríguez dicíndolle que non o obrigue a expulsala, e pregunta se acaso quere ser expulsada.

Resposta a sra. Rodríguez Rodríguez que non pode estar aquí soltando un montón de barbaridades

O sr. Alcalde comenta que os criterios da Deputación son poboacionais e territoriais, e que o goberno anterior encargou moitos proxectos, quizáis un pouco sen ton nin son tendo en conta a capacidade limitada de execución que ten o concello.

Continúa o Sr. Alcalde indicando que lle falan de falta de cobertura do xerente urbanístico que se contratou.

Apunta a sra. Rodríguez Rodríguez que non se contratou.

O Alcalde dille de novo a concelleira Yolanda Rodríguez que non o obrigue a expulsala.

O Alcalde expulsa do pleno á Sra. Rodríguez Rodríguez.

A Sra. Rodríguez Rodríguez continúa ocupando o seu posto.

O sr. Alcalde di que vai aceptar a oferta do sr. Capón Rey e do Sr. Prada Álvarez de que quede sobre a mesa.

O Sr. Alcalde somete a votación a petición de que o asunto quede sobre a mesa, votando a favor que que quede sobre a mesa a unanimidade dos membros da corporación.

O sr. Alcalde alude a que o voto da sra. Rodríguez Rodríguez non se terá en conta.

Fai a súa aparición no salón de Pleno a policía local e a Sra. Yolanda Rodríguez sae do salón de Plenos.

Polo Sr. Alcalde se volve a someter a votación que o asunto quede sobre a mesa, arroxando a votación o seguinte resultado: **dezaseis (16) votos a favor**, que constitúen a unanimidade dos membros presentes.

En consecuencia o asunto queda sobre a mesa.

A continuación o concelleiro Miguel Capón Rey pide explicación de voto e sinala que el non se aparta da orde do día e pídelle ao Alcalde que se mida porque ao mellor tamén o ten que expulsar a el.

### **3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-**

#### **A) MOCIÓN DE URXENCIA DE CREDITO EXTRAORDINARIO Nº 3/2018 (MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 14/2018) FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.**

O Sr. Alcalde alude a que se presenta como moción de urxencia unha proposta de Alcaldía de data 28/06/2018.

A petición do Alcalde procédese pola secretaría á lectura da proposta de Alcaldía de data 28/06/2018, do seguinte teor:

#### **"PROPOSTA DO ALCALDE**

#### **ASUNTO: CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 3/2018 (MODIFICACION DE CRÉDITOS 14/2018) FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.**

Incoado o expediente de crédito extraordinario número 3/2018, financiado con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, co obxecto de realizar as medidas necesarias co obxectivo de colaborar coa reparación e reconstrución da zona afectada pola explosión de Paramos o pasado 23 de maio do 2018.



Visto o informe de Intervención EMP 44/18 esta Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL, e do artigo 35 do RD 500/1990, de 20 de Abril, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de crédito extraordinario número 3/2018, financiado con Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, por importe de 505.108,01 € de acordo co seguinte detalle:

**I.- GASTOS:**

**Habilitación: Aplicacións orzamentarias do orzamento de gastos ás que se dota de crédito extraordinario.-**

APLICACION ORZAMENTARIA		CONCEPTO	IMPORTE
151	22706	94 Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística – Estudos e traballos técnicos – Situación emerxencia explosión Paramos	159.048,00
311	22799	94 Protección da salubridade pública – Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais - Situación emerxencia explosión Paramos	346.060,01
<b>TOTAL</b>			<b>505.108,01</b>

**TOTAL HABILITACIÓNES.....505.108,01€**

**II- FINANCIACIÓN:** Remanente de Tesourería para gastos xerais:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
870 00	Remanente de Tesourería para gastos xerais.	505.108,01 €
<b>TOTAL FINANCIACIÓN</b>		<b>505.108,01 €</b>

**III) RESUMEN:**

EXPRESIÓN	IMPORTE €
1.-Total crédito extraordinario .....	505.108,01 €
2.- Financiación:	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación..... c)	505.108,01€
3.- Financiación igual a habilitación.....	505.108,01€

**SEGUNDO:** Que este expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario 3/2018), en virtude do disposto no artigo 177.6 do RDL 2/2004 de 5 marzo polo que se aproba o TRLRHL e 38.4 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril, é inmediatamente executivo sen prexuízo das reclamacións que contra el se promovan, as cales deberán substanciarse nos oito días seguintes á presentación, entendéndose desestimadas de non

notificarse a súa resolución ao recorrente dentro de dito prazo. Incluíndose anuncios nos taboleiros de edictos do concello e no Boletín Oficial da Provincia."

O Alcalde comenta que por emerxencia se adxudicou o desamiantado da zoa afectada, coa idea de empezar dende fora e despois cando a xuíza o permita dende dentro. Engade que inclúe a recollida de electrodomésticos que poidan estar afectados, e que agora se trata de dotar esta partida para poder pagar os traballos. Engade que tamén dotan crédito para o proxecto técnico e para a dirección de obra de desamiantado e para a xestión de residuos e desentullo, e que tamén se prevén 18.000 € para pagar ao persoal externo que se contratou ou se pode chegar a contratar.

A continuación polo Sr. Alcalde se somete a votación **a urxencia** da moción, **que se aproba por unanimidade dos membros presentes (16 votos a favor)**. En consecuencia coa votación queda declarada a concorrencia da urxencia.

Intervén o sr. Alonso Álvarez e di que o problema de Paramos hai que resolvelo e estamos aquí para resolvelo, por iso non se levanto, porque o que acaba de facer é unha mostra de despotismo e absolutismo. Dille ao Sr. Alcalde que vai moi mal e que non pode seguir así, e que non cre que a actuación da Sra. Rodríguez Rodríguez fose tan grave. Comenta que primeiro se quita a palabra e despois se expulsala.

Continúa o concelleiro Sr. Alonso Álvarez indicando que as cousas non se fan así, que tiveron comisión o xoves e que o venres saíu en prensa que ía a contratar o desentullo e o desamiantado, e o xoves na Comisión non falara nada para dicir que ía levar isto adiante.

Pregunta se non pudo levar isto a unha Comisión, e alude a que están aprobando 505.108, 01 € do remanente de tesourería. Engade que o Alcalde non respeta a Comisión, actúa libremente e como lle da a gana, e alude a que estas ideas non son do Alcalde e o sabe.

Pregunta o sr. Alonso Álvarez ao sr. Alcalde porque non levou isto á Comisión e ao día seguinte o anunciou en prensa. Alude a que cando se aprobou o orzamento el lle dixera ao Alcalde que habilitara unha partida para Paramos.

Continúa indicando que o Alcalde ten traballando a un asesor urbanístico que non ten contrato, e pregunta se ten un accidente como o xustifica. Sinala que ésa é a xestión que o Alcalde está a facer con esta traxedia, e que a única razón que salva todo isto é que hai que axudar aos veciños de Paramos, porque se non había que ir a Fiscalía e dicir que é un inepto.

Intervén o sr. Alcalde e di ao sr. Alonso Álvarez que non lle falte ao respecto.

De novo toma a palabra o sr. Alonso Álvarez manifestando que non van a tragar con rodas de muiño, e que non pase nada porque estase a traballar sen papeis.

Intervén o sr. Prada Álvarez e di que o apoio que hai que dar aos veciños é dende aquí, e que o resto sobra. Engade que tiveron reunións, que faláron de cousas, que lle dixeron ao Alcalde de facer cousas e que o Alcalde as levou a cabo de diferente maneira. Engade que sabe que o Alcalde non o fai con mala vontade pero que hai que ter un consenso cos grupos para ir da man, e que as discusións que teñamos nós aos veciños non lle importan.

O sr. Capón Rey di que se suma ao dito polo sr. Alonso Álvarez, e que tampouco acompañan á compañeira expulsada pola situación de Paramos. Engade que esa concelleira expulsada fai media hora se manifestou e lle deu todo o apoio ao Alcalde para unha cuestión, e que non era o momento para expulsala.

Continúa a intervención indicando que esta proposta que trae o sabemos todos os grupos porque foi acordada en Xunta de Portavoces, pero que o Alcalde non dixo que a proposta fora acordada en Xunta de Portavoces, di que a proposta é do Alcalde, e nestes asuntos hai que fuxir do protagonismo e ser prudentes. Así vamos.

Intervén agora a Sra. Núñez Méndez para sumarse a queixa de non dispor da documentación se ben se sabía que se ía traer. Alude a que o desentullo supera a capacidade económica dos propietarios e da Administración Local e a que debería realizarse pola Xunta de Galicia, que é a que ten competencias en materia de emerxencias. Engade que este asunto se vai falar no Parlamento de Galicia.

Intervén o sr. Cabaleiro González para protestar e denunciar a expulsión e dille ao sr. Alcalde que non se ampare no ROF que non contempla nada ao respecto. Di que está a soportar certas situacións pola súa responsabilidade institucional, pero que non se confunda, que o día que as deixe non as vai a soportar. Comenta que o modus operandi é vergoñento, que se trae por urxencia cando se fixo unha Comisión Informativa a semana pasada, e que quen ten que desamiantar é a Consellería de Medio Ambiente. Pregunta por qué se ten que asumir dende o Concello e sinala que os marcos competenciais se están vulnerando. Engade que que traían isto con todo o atrevemento, 505.108 € por moción de urxencia, non é serio.

O sr. Alcalde resposta que se non se levou a Comisión é por unha razón evidente, pola urxencia e necesidade de dar unha resposta áxil aos veciños. Engade que é verdade que non se está sendo o garantista que se debería ser e que para levalo á Comisión tería que retrasarse un mes.

Comenta que entenden urxente e inaprazable garantir a salubridade da zona mediante a retirada do amianto e da comida podre nos electrodomésticos, e que ou se é áxil ou se é lento e garantista. Comenta que están a saltar os procedementos para darlle unha resposta áxil aos veciños de Paramos, que se tivéssemos que esperar polas outras administración nos saerían canas, e que unha administración ten xustificación polo traspaso de poderes, pero a outra non.

Continúa o sr. Alcalde sinalando que algún de vostedes espera que o concello sexa lento para votarse enriba, e despois cando o concello é áxil (indo pola vía máis rápida que se lle ocorre e non sendo estricto pola vía procedimental) acúsanno de ser áxiles.

Engade o Alcalde que espera que teñamos orzamentos e que teñamos os fondos necesarios para Paramos, e que non é o momento e aforrar, é o momento de dar unha resposta. Comenta que chega un momento, que pensa que está próximo, que hai que dicir ás outras administracións que paguen o que teñen que pagar, e que agora está enriba da mesa a implicación do Estado e do Goberno Central e da Xunta para asumir o que falta. Comenta que haberá que pedirlle máis a Xunta, pero que non van a criticar as dúas administracións implicadas (Xunta e Concello) e que non van criticar as outras dúas, que el non vai a criticar a ningunha. Remata a intervención indicando que asumir o liderazgo que ten que asumir e está asumindo o Concello a veces leva a carencias procedimentais, e que por un lado din que xa o sabían en Xunta de Portavoces e por outro está a versión do sr. Alonso Álvarez de que non sabía nada.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez para aclarar que el dixo que non fora a Comisión. Comenta o concelleiro que, en relación ao desamiantado, houbo un portavoz que lle dixo ao Alcalde que empezara polo máis sinxelo e comezara co gasto de 300.000 €, e que o Alcalde convocou a Comisión Informativa e puido levalo por urxencia e o venres saíu en prensa a cuestión. Comenta que o Alcalde enganou aos portavoces dos distintos partidos, e que está xogando politicamente con esta traxedia. Continúa o sr. Alonso Álvarez preguntando onde está a consellería de Medio Ambiente, porque a traxedia de Paramos é a maior desgracia que hai en Galicia. Alude a que o Alcalde conténtase co que lle deu a Consellería de Vivenda e pensa que con iso vai resolver o problema, e di que o Alcalde non é o alcalde de Tui, é o recadeiro do PP. Pregunta qué problema máis grave hai en Galiza que a situación de Paramos. Comenta que o Alcalde vai pola porta de atrás e conta con que o Pleno o vai apoiar, e claro que o apoiamos, pero vai pola porta de atrás.

Segue o sr. Alonso Álvarez manifestando que o problema do desentullo teno que resolver a Consellería de Medio Ambiente, que é a que ten a competencia. Alude a que porque Paramos necesita axuda e os veciños son o primeiro, por iso o vamos a apoiar, pero que o que fai vostede é unha trapallada auténtica e unha burla democrática.

Intervén o sr. Capón Rey e di que pudo haber dito na Xunta de Portavoces que ía a traer este tema por urxencia, e que por exemplo, a contratación dun experto xurídico e de seguros foi idea da oposición. Comenta que se lle dixo ao Alcalde que pedira un informe de responsabilidade civil subsidiaria do acontecido, e que incluso se lle dixo o nome dun experto externo ao respecto.

Alude a que o Alcalde cometeu o erro de non poñer en coñecemento da Xunta de Portavoces que isto se ía traer a Pleno, e neste sentido, pide que se poña as pilas porque os grupos da oposición están colaborando tremendamente.

A continuación intervén a sra. Núñez Méndez dicindo que se contentarían con haber tido esta documentación o día antes do Pleno, e que pensa que a súa actitude e pouco prudente e pouco resolutive, e que conseguiría moito máis se supera negociar. Di que a competente en emerxencias é da Xunta de Galicia, e que a Deputación, pese a iso, buscou a forma e ser útil. Alude a que o Alcalde vota a culpa a todo o mundo pero esquece a responsabilidade do concello. Comenta que a Deputación en gabinete de crise solicitoulle información ao concello do persoal que necesitaría, e que non sabe se se lle contestou. Engade que na liña de axudas non se contemplan os vehículos nin as empresas, e que ademáis do tramo estatal do IRPF que hai que solicitar ao Estado, está o tema do autonómico que non se contempla. Remata a intervención a concelleira indicando que a liña de axudas da Xunta é absolutamente insuficiente.

O sr. Cabaleiro González di que vai facer un paralelismo co Alcalde das Neves tras a situación da catástrofe dos incendios en outubro. Di que o Alcalde de Tui publicou que mandou unha carta a Pedro Sánchez. Engade que o Alcalde das Neves declararon zoa catastrófica case dous meses despois de sucedidos os feitos, e ese acordo se publicou no BOE e só serviu para unha partida para TRAGSA, e a día de hoxe, case un ano despois, os veciños recibiron cero euros de declaración de zona catastrófica, e non viu ao Alcalde das Neves saír en prensa.

Comenta o Sr. Cabaleiro González que a orde de axudas debeu desvincularse da existencia de título previo para poder levar adiante a reconstrución. Engade que xa veremos que administración se come isto, que o reloxo antidébeda vai ter que colocado en saldo positivo, e que ve ao Alcalde bastante preocupado e él na súa situación tamén o estaría.

Intervén o sr. Alcalde dicindo que estivo a Conselleira de Medio Ambiente e Territorio. Engade que o Secretario xeral de C21 chámase Xaime Requeixo, que é o seu xefe político. Di que él está apostando polo diálogo, que non está presionando nin á Xunta nin á Deputación nin ao Estado, que aposta polo diálogo e a colaboración institucional, e que o tempo dirá se se equivoco ao facer un esforzo por evitar a confrontación institucional.

Engade que el criticou á Deputación en privado e que ao día seguinte atopou en prensa que nos apoiemos nos tres millóns do plan concellos. Comenta que o representante da Deputación no gabinete de crise nunca lle colleu o teléfono nin lle devolveu unha chamada.

Continúa o Alcalde indicando que as competencias en emerxencias están repartidas, que a lexislación de emerxencias menciona á Deputación, e que ante unha situación extraordinaria todas as administracións se teñen que implicar.

Alude a que a documentación que se trae a Pleno estivo lista hoxe, non estivo rematada antes, e que non se puido traer antes. Engade que estaba esbozada e que está practicamente convencido de que o mencionou na Xunta de Portavoces do martes.

Alude a que din que as axudas da Xunta non contemplan vehículos e sí o contemplan. Engade que hai un compromiso público da Xunta para asumir o tramo autonómico do IRPF.

Fai referencia a que o sr. Cabaleiro dixo que fai falta ter título habilitante para ter as axudas, e sinala o Alcalde que isto non é así, que as axudas desvinculáronse do título habilitante pola Xunta.

Toma a palabra o sr. Cabaleiro González para preguntarlle ao alcalde se está dicindo que se vai a reconstruír sen licenza.

Resposta o sr. Alcalde que non, que o que di é que as axudas están desvinculadas do título habilitante. Engade que volve parecer que lle da satisfacción as dificultades urbanísticas que hai aí.

Intervén o sr. Cabaleiro González para preguntar que como que as axudas non están vinculadas, e di que claro que sí. Engade que non engane aos cidadáns, e que cando os arrendadores teñan que declarar os arrendamentos verán o que pasa.

Intervén o sr. Alcalde e dille ao Sr. Cabaleiro González que parece que lle molesta que se axilicen as axudas.

O sr. Cabaleiro González dille ao alcalde que está mentindo á cidadanía.

O Alcalde resposta que pensa que non leu o decreto.

O Sr. Cabaleiro González di que leu o decreto, pero que o alcalde non ten a capacidade para entendelo, e engade que quen tivo que advertirille á Xunta que modificara foi a Deputación.

O sr. Alcalde di que foi a plataforma e que as axudas non están vinculadas, que lea o decreto.

A continuación polo Sr. Alcalde se somete a votación a **moción de urxencia/proposta de Alcaldía do 28/06/2018**, relativa a crédito extraordinario nº 3/2018 (Modificación de créditos 14/2018) financiado con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, **que se aproba por unanimidade dos membros presentes (16 votos a favor)**.

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de crédito extraordinario número 3/2018, financiado con Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, por importe de 505.108,01 € de acordo co seguinte detalle:

I.- GASTOS:

**Habilitación: Aplicacións orzamentarias do orzamento de gastos ás que se dota de crédito extraordinario.-**

APLICACION ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE
151 22706 94	Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística – Estudos e traballos técnicos – Situación emerxencia explosión Paramos	159.048,00
311 22799 94	Protección da salubridade pública – Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais - Situación emerxencia explosión Paramos	346.060,01
<b>TOTAL</b>		<b>505.108,01</b>

**TOTAL HABILITACIÓN.....505.108,01€**

II- FINANCIACIÓN: Remanente de Tesourería para gastos xerais:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
870 00	Remanente de Tesourería para gastos xerais.	505.108,01 €
<b>TOTAL FINANCIACIÓN</b>		<b>505.108,01 €</b>

III) RESUMEN:

EXPRESIÓN	IMPORTE €
-----------	-----------

1.-Total crédito extraordinario .....	505.108,01 €
2.- Financiación:	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación..... c)	
Remanente líquido tesourería.....	505.108,01€
3.- Financiación igual a habilitación.....	505.108,01€

**SEGUNDO:** Que este expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario 3/2018), en virtude do disposto no artigo 177.6 do RDL 2/2004 de 5 marzo polo que se aproba o TRLRHL e 38.4 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril, é inmediatamente executivo sen prexuízo das reclamacións que contra el se promovan, as cales deberán substanciarse nos oito días seguintes á presentación, entendéndose desestimadas de non notificarse a súa resolución ao recorrente dentro de dito prazo. Incluíndose anuncios nos taboleiros de edictos do concello e no Boletín Oficial da Provincia.

**B) MOCIÓN DE URXENCIA CON DATA DE REXISTRO DE ENTRADA DO 20/06/2018, Nº 5251, DOS VOCEIROS DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, BLOQUE NACIONALISTA GALEGO E ALTERNATIVA TUDENSE E DE SON DE TUI, SOBRE O CRA DE MALVAS.**

Vista a moción de urxencia presentada, con data de rexistro de entrada de 20/06/2018, nº 5251, do seguinte teor literal:

*"Os voceiros do Grupo Municipal Socialista de Tui Enrique Cabaleiro González, Bloque Nacionalista Galego Carmen Núñez Méndez, Alternativa Tudense Miguel Angel Capón Rey e Son de Tui Laureano Alonso Álvarez, someten a consideración do equipo de Guberno e posteriormente do Pleno da Corporación, a aprobación da seguinte moción:*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*PRIMEIRO. Tendo coñecemento de que tras a visita do inspector de Educación D. Eduardo Seco Fernández ao CRA de Malvas, por parte da Consellería de Educación se está valorando o peche da escola infantil de esa parroquia, tanto pais coma nais dos nenos afectados estanse a movilizarse para evitar o peche da citada unidade educativa.*

*SEGUNDO. Actualmente son oito os alumnos que acuden ao centro escolar, aínda que en vista dos nenos menores de tres anos que hai na parroquia, estimase que nos vindeiros cursos auméntarase o número de alumnos escolarizados.*

*TERCEIRO. En caso de peche do centro escolar, os alumnos veríanse obrigados a desprazarse a outros centros educativos, o que implicaría dotación de medios de transporte, aumentando asemade os tempos de desprazamento ao seu colexio de nenos moi cativos, e dificultando conciliación laboral e familiar en moitos casos.*

*CUARTO. Asemade cabe destacar que outras escolas pertencentes ao CRA Mestra Clara Torres, permaneceron abertas con un menor número de nenos escolarizados.*

**SOLICITUDE**

*En vista do exposto, os voceiros arriba sinalados solicitan do actual Goberno Municipal:*

*PRIMEIRO. Que por parte do Goberno Municipal se inste a Consellería de Educación, o mais axiña posible, dado que o día 1 de xullo publicaranse no DOGA a relación de centros a amortizar, a que se comprometa a manter aberto o CRA de Malvas.*

*SEGUNDO. Que o Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria se pronuncie en tal sentido, na defensa do ensino público e no mantemento dos CRAS rurais de Tui, incluído o de Malvas, como modelo educativo eficiente.*

*É o que sometemos a consideración para a súa posterior aprobación polo Pleno do Concello de Tui..../...”*

A continuación polo Sr. Alcalde se somete a votación **a urxencia da moción, que se aproba por unanimidade dos membros presentes (16 votos a favor).**

Intervén o sr. Cabaleiro González e comenta que en relación ao punto cuarto da exposición de motivos da moción, se puxo en contacto a directora do CRA e dixo que ese dato non é certo, polo que o fai público e retiran dito punto cuarto.

O sr. Alonso Álvarez comenta que defenden que se manteña, e que se os pais se implican e fan as xestións oportunas esperan que se manteña.

Intervén o sr. Capón Rey e di que apoian a iniciativa. Apunta que ahí é onde hai que por todo o peso do Alcalde, e que se o PP ten algún peso este tema é fácil de resolver. Engade que o Colexio nº 1 obtivo un premio europeo por un programa, que xustificaría a ampliación de escola cos terreos que ten ao lado.

En canto ao tema do colexio de Pazos de Reis alude a que un día vai a haber unha desgracia, polo aparcamento, e que non hai maior problema para expropiar, que iso é negociar cos propietarios.

A sra. Núñez Méndez apunta que non é un problema menor e que ten que ver coa igualdade de dereitos e a discriminación dos centros no rural. Comenta que entenden que hai que garantir os dereitos educativos en todas as partes do territorio en igualdade e tendo en conta a cercanía. Engade que hai que consensuar coa comunidade educativa e que apoian esta moción.

Intervén o sr. Cabaleiro González e comenta que apoian a moción e que se inste a Consellería a que manteña o CRA.

O sr. Alcalde di que se suman a esta moción e que o seu voto será favorable. Engade que o luns estará o xefe territorial para reunirse coa comunidade educativa de Malvas.

A continuación polo Sr. Alcalde se somete a votación a moción de urxencia, **que se aproba por unanimidade dos membros presentes (16 votos a favor).**

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

**PRIMEIRO.** Que por parte do Goberno Municipal se inste a Consellería de Educación, o mais axiña posible, dado que o día 1 de xullo publicaranse no DOGA a relación de centros a amortizar, a que se comprometa a manter aberto o CRA de Malvas.

**SEGUNDO.** Que o Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria se pronuncie en tal sentido, na defensa do ensino público e no mantemento dos CRAS rurais de Tui, incluído o de Malvas, como modelo educativo eficiente.

**C) MOCIÓN DE URXENCIA FORMULADA IN VOCE POLO SR. CABALEIRO GONZÁLEZ PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE SE ABRA UNHA**

## **COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN NO PARLAMENTO DE GALICIA SOBRE O OCURRIDO NA PARROQUIA DE PARAMOS.**

O sr. Cabaleiro González expón que presentan unha moción in voce no senso de adoptar o seguinte acordo: *“Instar á Xunta de Galicia a que se abra unha comisión de investigación no Parlamento de Galicia sobre o ocorrido na parroquia de Paramos.”*

A continuación polo Sr. Alcalde se somete a votación **a urxencia** da moción, **que se aproba por unanimidade dos membros presentes (16 votos a favor)**. En consecuencia queda declarada a concorrencia da urxencia.

Intervén o concelleiro sr. Prada Álvarez e comenta que se adhire a esta moción e que é algo que xa se falara.

O sr. Capón Rey di que o apoian.

O sr. Alcalde di que non o tiñan falado pero que o sentir do goberno vai no mesmo sentido. Engade que non se coñece na historia que unha comisión de investigación que chegase a resultado, pero que considera que deben votar a favor.

A continuación polo Sr. Alcalde se somete a votación a moción de urxencia formulada, **que se aproba por unanimidade dos membros presentes (16 votos a favor)**.

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

- Instar á Xunta de Galicia a que se abra unha comisión de investigación no Parlamento de Galicia sobre o ocorrido na parroquia de Paramos.

### **B).- ACTIVIDADE DE CONTROL:**

#### **4º.- DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE DATA 14/05/2018 RE Nº 4139, DE DESIGNACIÓN DE VOCEIRO.**

A Corporación queda enterada do escrito con rexistro de entrada de 14/05/2018, do seguinte teor literal:

*"ASUNTO: Designación de Portavoz do Grupo Político Municipal do Partido Popular De conformidade co disposto no R.D 256811986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, os integrantes do Grupo político Municipal do Partido Popular, abaixo asinantes,*

**MANIFESTAN:**

*Que designarnos como voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, a D. Antonio Castro Negro e como suplente a Dna. Estrella Muradas Maceira. O que lle trasladarnos aos efectos oportunos. .../..."*

#### **5º.- DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR CON ENTRADA DE DATA 19/06/2018 RE**



**Nº 5203, DESIGNANDO REPRESENTANTES DESTE GRUPO NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.**

A Corporación queda enterada do escrito con rexistro de entrada de 19/06/2018, do seguinte teor literal:

"DON ANTONIO CASTRO NEGRO, VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR DE TUI

MANIFESTA:

1

Que os representantes deste grupo municipal nas Comisións Informativas quedaría da seguinte maneira:

- Comisión especial de Contas (que funcionan como Comisión Informativa Permanente de Facenda, patrimonio e Persoal:

Titular: Antonio Castro Negro

Suplente: Estrella Carmen Muradas Maceira

Titular: Yovana Velázquez Torres

Suplente: Estrella Carmen Muradas Maceira

-Comisión Informativa de Ensino, Servizos Sociais, Cultura, Turismo e Deportes:

Titular: Yovana Velázquez Torres

Suplente: Antonio Castro Negro

Titular: Estrella Carmen Muradas Maceira

Suplente: Antonio Castro Negro

-Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos Municipais:

Titular: Antonio Castro Negro

Suplente: Yovana Velázquez Torres

Titular: Estrella Carmen Muradas Maceira

Suplente: Yovana Velázquez Torres

-Comisión Informativa de Honores e Distincións:

Titular: Yovana Velázquez Torres

Suplente: Antonio Castro Negro

Titular: Estrella Carmen Muradas Maceira

Suplente: Antonio Castro Negro.”

**6º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DENDE O Nº 2018-0582 DE 25/05/2018 A Nº 2018-0677 DE 20/06/2018.**

O Pleno da Corporación municipal queda enterado.

**7º.- DACIÓN DE CONTA EXECUCIÓN TRIMESTRAL ORZAMENTO 1º TRIMESTRE ORZAMENTO 2018 AO ABEIRO DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 27 ABRIL.**

O Pleno da Corporación queda enterado da documentación relativa a execución trimestral orzamento 1º trimestre orzamento 2018 ao abeiro da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

**8º.- DACIÓN DE CONTA INFORME MOROSIDADE 1º TRIMESTRE EXERCICIO 2018 AO ABEIRO DA LEI 15/2010 E PERÍODO MEDIO DE PAGO GLOBAL A PROVEDORES (PMP) 1º TRIMESTRE EXERCICIO 2018 AO ABEIRO DO REAL DECRETO 635/2014.**

O Pleno da Corporación queda enterado do informe de morosidade 1º trimestre exercicio 2018 ao abeiro da Lei 15/2010 e período medio de pago global a provedores (PMP) 1º trimestre exercicio 2018 ao abeiro do Real Decreto 635/2014.

Sendo as 22:55 horas abandona o salón de Plenos o Sr. Prada Álvarez.

### **C) ROGOS E PREGUNTAS.-**

Intervén en primeiro lugar o sr. Alonso Álvarez e formula os seguintes rogos e preguntas:

O concelleiro Sr. Alonso Álvarez interésase polos campamentos de verán. Indica que preguntou que qué pasaba cos campamentos de verán e que o concelleiro de deportes sinalou que o mesmo que o ano pasado. Comenta que o ano pasado o un de xuño abría o prazo de inscrición e que a primeira quenda púxose para o 10 de xuño, mentres que este ano na páxina web se di que mañá venres día 29, isto é un mes despois, e os campamentos empezan o 16 e non o 10. A mentira ten patas curtas.

Engade que xa o outro día lle pediu a dimisión e lla volve a pedir, e alude a unha solicitude dun veciño para instalar unha caravana e a que o Alcalde autorizouna o 4 de maio, sen ter un informe previo que avalase iso. Engade que hai unha dilixencia da funcionaria que di que necesita pronunciamento sobre informes sectoriais e non os ten, e vostede autorizou ese día a caravana sen informes.

Continúa o concelleiro indicando que despois dados os informes da policía local e autonómica descubre cal é a historia, a cuestión era o nepotismo e explicaba a moción, porque vostede sabía o que facía por quen é o cidadán e os seus vínculos familiares coas persoas que favoreceron a moción, e tres días despois o Alcalde revogou a autorización sen informe. Engade que o Alcalde toma a decisión porque sabía que estaba metido nun embolado, e que isto é un escándalo, que este cidadán vaise persoar no xulgado e que o Alcalde vai ter difícil saída. Pregunta qué vai contar o Alcalde, que lle deu a licenza porque é bo rapaz e despois lla quitou porque lle deu a gana. Engade que esa persoa está sendo perseguida, e ten un recurso que ten 30 días para permanecer alí. O concelleiro Sr. Alonso Álvarez pide ao Alcalde que dimita, e apunta que deu a licenza sen os informes técnicos e despois revogouna.

Intervén o sr. Alcalde e dille que a súa intervención é unha colección de despropósitos. Comenta que hai unha autorización porque se descoñecía un cambio na norma de final do ano pasado, que descoñecían ata en Patrimonio porque a funcionaria que o tramitou falou con Patrimonio e lle dixeron que non era necesario.

En canto se soubo que había esa norma revogouse. Por qué está molesto, porque se concedeu ou porque se revogou porque se coñeceu ese precepto legal de 27 de decembro de 2017 creo.

O sr. Alonso Álvarez comenta que o alcalde deu a autorización sen esperar ao informe.

O sr. Alcalde resposta que despois houbo un informe técnico posterior que di que non é permisible, pero non se esperou a ese informe para revogar porque se sabía que había ese erro cando se otorgou.

Engade o Alcalde que agora se deu parte a Seprona e que Seprona denunciou a esa persoa, e que se esta tramitando, e comenta que vostede é un difamador e que mire o asesor que lle di a vostede determinadas cousas porque ao mellor non o asesoran ben.

Intervén o sr. Capón Rey para preguntar se as licencias urbanísticas están ao día.

O sr. Alcalde dille que non.

O sr. Capón Rey di que hai unha solicitude feita por Gadis dende o ano pasado, unha empresa con traballadores, e que necesitan ter a obra.

Intervén a sra. M<sup>a</sup> Jesús da Silva e indica que está pendente de informe técnico, que se segue a orde de entrada e que por prioridade outros asuntos, e que está pendente e hai moitas pendentes en idética situación.

O Sr. Capón Rey di que pois moi mal.

A sra. M<sup>a</sup> Jesús Da Silva contesta que si, pero que dende fai moito tempo atrás.

Intervén o sr. Alcalde dicindo que o gran problema do concello de Tui é o mal funcionamento do departamento de Urbanismo e que o puxo de manifesto en diferentes ocasións. Engade que temos ahí un problema e imos intentar resolvelo, e que ao mellor hai a quen lle interesa que o departamento de urbanismo non funcione.

Retoma a palabra o sr. Capón Rey e di que quen se fai a vítima e aquel que non ten solucións para sacar o tema adiante, e que a algúns a vida non lle ensinou a sacar as cuestións adiante.

O sr. Alcalde di que a se vai a encargar unha autoría de procedementos.

A continuación o sr. Capón Rey pregunta ao sr. Alcalde se encargou o informe sobre as vivendas de Caldelas, ao que o sr. Alcalde responde que non.

Sinala o sr. Capón Rey que as vivendas de Caldelas en principio, segundo informe verbal do técnico municipal en Xunta de Portavoces, non se poden rehabilitar tan rapidamente, a expensas dun informe del, porque na xestión das vivendas de Caldelas a execución de obra costou sobre un millón de euros, e gran parte das unidades de execución que faltan por 628.000 euros non se fixeron no seu momento. Engade o Sr. Capón Rey que se pagaron unidades de obras que non se fixeron, e alude a que se ten que encargar ese informe e pedir responsabilidades a quen corresponda, que son os concelleiros do PP.

O sr. Alcalde di que é certo o que dixo e que ten o seu compromiso público, pero que hai moitas cousas e hai que priorizar, e que o tempo que lle leva a el pedio é pouco pero o que lle leva ao arquitecto facelo e máis.

Intervén de novo o sr. Capón Rey dicindo que o arquitecto quedou na Xunta de Portavoces de que o faría.

O sr. Alcalde manifesta que derivado destas dificultades vaise intentar a tramitación por vía ordinaria.

Pregunta o sr. Capón Rey se xa se reuniron os expedientes relacionados coa pirotecnia e que se pedirá que se custodiara un en urbanismo e outro en secretaría e se enviase ao Ministerio Fiscal.

Intervén o sr. Alcalde dicindo que hai dous auxiliares administrativos facendo ese labor de dixitalización, e que despois da dixitalización se deu a orde de facer un índice numerado e que despois se porá o selo de órgano. Engade que está avanzado e que espera que a semana que ven esté listo aínda que non se atreve a aseguralo.

Toma a palabra a sra. Núñez Méndez para preguntar polas melloras do centro de saúde, se recibiron resposta da Xunta ou se van a volver a solicitalo.

Intervén a sra. Muradas Maceira e comenta que os arranxos dos cheiros foron solucionados e que agora están vendo para solucionar o problema do aire acondicionado e as correntes.

Pregunta a sra. Núñez Méndez se hai algún avance coa UNED.

O sr. Alcalde di que a UNED mandou unha carta que pon este mes como límite para ter unha resposta, que tentarán contestar mañá ou o luns, e que proporán unha solución para que continúen.

Intervén de novo a sra. Núñez Méndez preguntando cando se prevé iniciar o palco da música.

O sr. Alcalde di que se retrasou pola necesidade dun estudo específico da forxa, que tiña que realizarse por un grado. Engade que xa temos ese estudo e que reunido o restaurador e o construtor encaixa economicamente co orzamento e a idea é comezar en Setembro, que da tempo suficiente, para non perxudicar aos negocios hosteleiros.

A sra. Núñez Méndez pregunta en relación á adhesión ao plan de vivendas valeiras se hai algunha novidade, ao que o sr. Alcalde di que non.

Pregunta a sra. Núñez Méndez sobre a casa no cruce entre Palláns e Calzada.

Intervén o sr. Freiría Martínez dicindo que ese expediente está executado, que algúns están pendentes de informe e outros seguen os expedientes.

A sra. Núñez Méndez pregunta agora sobre as axudas para a rehabilitación do patrimonio cultural, sinala que o lavadoiro de Rodas acaba o prazo para xustificar en setembro, e que o concello foi o único que non solicitou a axuda. Sinala que proporía por exemplo o cruceiro en Palláns.

O sr. Eduardo Freiría di que hai un proxecto de limpeza para a praza Praza da Inmaculada pero que non puido estar a tempo.

Intervén o sr. Martínez Tato e alude a que en abril se fixo un rego de asfalto en Curuxeiras, Rebordáns.

Intervén o sr. Castro Negro e que di que non comparte o dito sobre o arranxo dese camiño. Sinala que ahí fíxose un asfaltado coa Mancomunidade, e que iso que estaba no plan concellos pospúxose porque saíu máis barato facelo coa Mancomunidade, e ese diñeiro destinouse a un muro detrás da nave do concello.

Pregunta o sr. Martínez Tato polo de Baldráns, ao que resposta o sr. Antonio Castro que iso meteuse no plan concellos.

O sr. Martínez Tato se refire ao prego de condicións da limpeza viaria e pide que o lean e pidan o seu cumprimento.

O sr. Castro Negro di que a empresa ten orde de limpar as pintadas.

O sr. Martínez Tato comenta que as papeleiras novas é necesario limpalas unha vez ao mes.

O sr. Castro Negro responde que se está facendo e incluso reparándoas.

Intervén de novo o sr. Martínez Tato para preguntar pola contaminación dos acuíferos e campos, xa que a Xunta vota todos os anos herbicidas nas estradas.

Responde o sr. Castro Negro que hai herbicidas que non están prohibidos, e que entende que a Xunta, que é a que marca esa norma, a cumpre.

Intervén o sr. Cabaleiro González e alude a que o sr. Castro Negro dicía que o proxecto de asfaltado se cambiara por un muro de contención na nave.

O sr. Castro Negro di que no plan concellos se meteu unha nave para maquinaria, e que pensa que antes de facer a nave haberá que facer o muro. Engade que se cambiou a nave

para comprar maquinaria, e que o de Coruxeiras se vai cambiar polo muro. Comenta que está comunicado á Deputación pero non autorizado.

Retoma a palabra o sr. Cabaleiro González dicindo que a construción dese muro xa está nunha baixa, que non entende ese cambio que di.

A continuación o sr. Cabaleiro González pregunta polos datos de reposición de gasoil dos vehículos do parque móvil.

O sr. Castro Negro dille que fixo esa petición onte ás 12:49 e que él mirouno hoxe. Alude a que lle pode entregar copia dos informes de mantemento, pero que non ten os datos completos.

Intervén de novo o sr. Enrique Cabaleiro e dille ao sr. Castro Negro que case llos adianta el, porque xa os ten. Di que eles levaban un control, e alude a 56 litros, 62 litros máis 1413 litros nesas datas. Engade que na actualidade debería ser cero porque non estiveron operativos, porque non se repararon porque o mecánico estaba desbrozando.

Intervén o sr. Castro Negro dicindo que non estaba moi lonxe, que a pala gastou 3284 litros e traballou 170 horas.

Pregunta o sr. Cabaleiro González de que pala fala, ao que o sr. Castro Negro responde que a pala do Concello.

O Sr. Cabaleiro González pregunta pola Pick-up que tiña unha ponte de luces que lle retiraron para pasar a ITV e non lla volveron a colocar despois de pasar un proceso de legalización.

O sr. Castro Negro di que a ponte de luces e o enganche non estaban homologados e non pasaban a ITV, e que houbo que levar o choche a arranxar estas cuestión. Engade que despois pasouse a revisión, e que a ponte de luces se quitou porque non lle gusta andar con ela, pero que cando se queira colocar está alí.

O sr. Cabaleiro González di que pois non haber gastado en homologalo.

O sr. Castro Negro contesta que o gasto se fixo porque se non non pasaba a ITV.

Di o sr. Enrique Cabaleiro que viu o coche nun bar ás 8,30h da noite, un bar que ten un problema urbanístico.

O sr. Cabaleiro González di en relación ao adecentamento de beirarrúas na rúa Colón que vostedes cambiáronno por unha obra de separación de pluviais.

Intervén o sr. Alcalde dicindo que cun importe igual adaptouse a algo que se puidera pagar por ese importe. Engade que se meteu o arranxo de beirarrúas e o arranxo dun problema grave de inundacións importantes a 50/60 metros da subida ao Monte Aloia.

Intervén o sr. Cabaleiro González para dicir que a competencia de separación de pluviais é do Consorcio, non do Concello, e que esa obra non pode contemplar esa actuación.

O sr. Alcalde responde que o Consorcio non ten capacidade investidora, e que ou llo pedimos e non vai facer nada ou hai que ir facendo determinadas actuacións, con prudencia. Di que as alternativas reais son ou facelo nós ou non facelo, e que neste momento entendemos necesario actuar aí.

O sr. Cabaleiro González pregunta qué lle supón ao consorcio facer unha canalización de separación de augas, e alude a que o Consorcio, o que se lle reclamou no seu momento, cumpriuno. Sinala que outro tipo de actuacións pode ser, pero que esta cuestión non parece xustificable que non o poida asumir.

Pregunta o sr. Cabaleiro González pola colocación de dúas rampas de acceso metálicas, unha no edificio de Facenda e outra na oficina de Turismo, e sinala que perforaron o chan e que supón que terían autorización de Patrimonio.

Intervén o sr. Castro Negro para explicar que se arranxou unha de madeira e que se fixo unha metálica e que se colocou. Engade que esa orde a deu él e que non hai permiso de Patrimonio. Comenta que pensa que é máis importante que se quiten as barreiras arquitectónicas.

O sr. Cabaleiro González di que había un proxecto para iso e que se mandara a Patrimonio. Engade o Sr. Cabaleiro González que xa van dúas que non mostran o mesmo celo con vostedes, e que o edificio de Facenda non é de competencia municipal.

Continúa o sr. Cabaleiro González dicindo que o Alcalde pon un pouco na picota ao Departamento de Urbanismo, que di que funciona mal. Engade que o responsable é o Alcalde e que Contratación non saca contratos e que Persoal saca tarde as contratacións de persoal. Comenta que o que falla é a dirección política.

O Sr. Cabaleiro González, en relación á autorización e revogación de venda ambulante no Camiño de Santiago, sinala que as autorizacións no Camiño de Santiago non é defendible que se xestionen por comunicación telefónica. Engade que non cabe a revogación dese acto, que afecta a terceiros e hai que revisalo.

O Sr. Cabaleiro González sinala que os talleres de Baldráns, en relación coa pirotecnia, estaban clausurados dende xullo, e que decir que a Garda Civil leva alí posteriores incautacións é falso. Engade que se era coñecedor desa situación debeu dicirlle que non pode levar alí material porque as instalacións estaban clausuradas. Engade que o que non hai é dirección política, non é que funcionen mal os departamentos.

O sr. Alcalde di que tentar mesturar Baldráns con algo que aconteceu en Paramos non ten sentido. Engade o Alcalde que el non se dedica a salpicar nin enmerdar, que a sentenza definitiva de demolición chega en xuño de 2015 e que o Sr. Cabaleiro estivo 27 meses de alcalde, que él non presumiría, e que él estivo 7 meses.

Engade o Sr. Alcalde que o concello non ten responsabilidade na explosión, e que mesturar Paramos con Baldráns é unha irresponsabilidade.

Alude o Alcalde a que, respecto de aquilo que saiu na prensa de que nós compráramos foguetes á pirotecnia, que había aquí documentación que demostraba que os foguetes viñan da Cañiza, e que él defendía ao Concello non se defendía a él, e que non tentou salpicar ao Sr. Cabaleiro González.

Continúa o Alcalde indicando que a estratexia é errónea, lesiva para o Concello e irresponsable, e que lamenta as alianzas que vostedes están teendo e que son lesivas para Tui.

Intervén o sr. Cabaleiro González e dille ao Alcalde que o que está enmerdando é el.

O sr. Alcalde responde que é o Sr. Cabaleiro González quen saca de forma reiterada esa asunto.

Intervén o sr. Magán Rivera preguntando se o Concello contratou algún despacho de avogados para personarse nese asunto, ao que o sr. Alcalde responde que están en contacto cun bufete.

Intervén a sra. Da Silva Fernández e di que están esperando unha oferta económica e que están en contacto con eles.

O sr. Cabaleiro González pregunta se non levaban un asesor xurídico externo.

O Alcalde responde que o que vostedes insistían en quitar.

Intervén de novo o sr. Cabaleiro González e di que non se poñan a gastar nun despacho de avogados.

Responde o sr. Alcalde que no pleno de maio aprobouse a contratación de abogados que representen ao Concello.

Intervén o sr. Capón Rey e retoma a cuestión do Consorcio e o dito polo Alcalde de que había as vías de facer ou non facer. Comenta que hai outra vía, facer unha obra e despois pasar o cargo ao Consorcio.

Alude o sr. Capón Rey ao dito polo Sr. Castro Negro de 170 horas de pala 300 litros, e di que é un fenómeno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde se levanta a sesión ás 23:56 horas, estendéndose a presente acta da que eu, Secretaria, dou fe.